

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 30 DE XUÑO DE 2017

2.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa ao aparcadoiro público da rúa do Olvido. Acórdase rexeitar as alegacións presentadas no recurso de reposición formulado polos presidentes de tres comunidades de propietarios e requirir ás comunidades afectadas que no prazo máximo dun mes procedan á modificación estatutaria requirida.

4.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á resolución do recurso de reposición presentado contra o acordo de aprobación da modificación da relación de postos de traballo. Acórdase non admitir a trámite o recurso presentado.

5.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á aprobación do manual de procedementos para as operacións cofinanciadas polo FEDER en Santiago, así como as bases reguladoras para a presentación de manifestacións/expresións de interese de operacións para ser cofinanciadas no marco da EDUSI. Acórdase aprobar o Manual de procedementos de Santiago para as actuacións cofinanciadas polo FEDER no marco do Programa Operativo de Crecemento Sostible, unha vez foi validado polo Organismo Intermedio de Xestión, en cumprimento da resolución da Secretaría de Estado de Presupostos pola que se resolve a primeira convocatoria para a selección de Estratexias DUSI. Apróbanse tamén as bases reguladoras e convocatoria de presentación de manifestacións/expresións de interese dos departamentos municipais, a efectos da selección e aprobación de operacións cofinanciadas polo Programa Operativo de Crecemento Sostible FEDER 2014-2020, tal e como está previsto no punto 2.3.3 do Manual de Procedementos de Santiago.

6.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á revogación dos acordos de 29.7.16 e de 10.10.16, resolutorios da perda de exención tributaria do IBI do inmovible sito na rúa do Hórreo, nº 22-3º. Apróbase a proposta.

7.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á concesión dunha bonificación na taxa pola utilización privativa e aproveitamento especial do dominio público municipal, pola realización dunha rodaxe cinematográfica na cidade. Apróbase a proposta.

8 a 113.- Propostas da concelleira delegada de Economía e Facenda relativas á concesión de bonificacións no IBI, nas taxas por saneamento e depuración de augas residuais, subministración de auga e conservación de contadores, e prestación do servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos, no imposto sobre o aumento de valor dos terreos de natureza urbana, no imposto sobre vehículos de tracción mecánica. Apróbase a proposta.

114.- Proposta do concelleiro delegado de Educación e Cidadanía relativa á modificación do punto nº 55 da sesión de 17.3.17, aprobatorio de apertura de prazos de prazos de matrícula na Escola municipal de Música, curso 2017-2018. Autorízase a modificación para que o cobro da matrícula por parte da empresa adxudicataria, tanto do alumnado actual como do novo, se realice no mes de xullo de 2017 e non no mes de setembro como se reflectía no acordo de referencia á vista da prórroga do contrato e aos efectos de non prexudicar aos usuarios. No caso de que, unha vez se produza a nova adxudicación do servizo, o novo adxudicatario non fose o mesmo, o actual deberá reintegrar a diferenza resultante desde a nova adxudicación,

115.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á substitución do supervisor do contrato de conservación e mantemento das instalacións do sistema de control de tráfico e do túnel do Hórreo no termo municipal de Santiago. Apróbase a proposta.

116.- Recoñecementos extraxudiciais de créditos. Apróbase a proposta.

117.- Proposta da Alcaldía relativa á aprobación do convenio de colaboración entre o concello de Santiago e o MUSEO DO POBO GALEGO para 2017. Apróbase o convenio, que supón unha achega municipal de 10.000 euros.

118.- Proposta da Alcaldía relativa á aprobación do convenio de colaboración entre o concello de Santiago e a ASOCIACIÓN CULTURAL CIDADE VELLA para 2017. Apróbase o convenio, que supón unha achega municipal de 20.000 euros.-

119.- Proposta da Alcaldía relativa á aprobación do convenio de colaboración entre o concello de Santiago e a ASOCIACIÓN CULTURAL MUSICAL SOLFA para 2017. Apróbase o convenio, que supón unha achega municipal de 3.000 euros.

120.- Proposta da Alcaldía relativa á aprobación do convenio de colaboración entre o concello de Santiago e o CURSO UNIVERSITARIO INTERNACIONAL MÚSICA EN COMPOSTELA para 2017. Apróbase o convenio, que supón unha achega municipal de 3.825 euros.

121.- Proposta da Alcaldía relativa á aprobación do convenio de colaboración entre o concello de Santiago e o PATRONATO DA CASA DA TROIA para 2017. Apróbase o convenio, que supón unha achega municipal de 3.600 euros.

122.- Proposta da alcaldía relativa á recepción das obras de "rexeneración do pavimento de calzada do Eixo das rúas Estrada-Santas Mariñas-Picaños". Autorízase o inicio dos trámites para proceder á recepción das obras.

123.- Proposta da alcaldía relativa á recepción das obras de "reparación, conservación e mantemento da Rúa Teresa Jornet e anexas - POS ADICIONAL 1/2015". Autorízase o inicio dos trámites para proceder á recepción das obras.

124.- Proposta da alcaldía relativa á aprobación do expediente e apertura do procedemento de adxudicación do "subministro e implantación dunha solución de administración electrónica para o Concello de Santiago de Compostela". Apróbase o expediente do Subministro e implantación dunha solución de administración electrónica para o Concello de Santiago, e a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto, establecéndose un tipo de licitación de 1.860.000 euros, IVE incluído. O proxecto financiarase con cargo á EDUSI, de xeito que o 80% dos custos procederá de fondos europeos, e o 20 por cento restante será achegado polo Concello.

125.- Proposta da alcaldía relativa á prórroga do contrato do "servizo de mantemento da aplicación informática de xestión contable e orzamentaria SICALWIN (da empresa AYTOS SOLUCIONES) do Concello de Santiago de Compostela". Acórdase prorrogar o contrato polo prazo dun ano, a contar desde o 28 de xullo de 2017 ata o 27 de xullo de 2018, por un importe de 11.055,69 euros, IVE incluído.

URXENCIAS

1.-Proposta de alcaldía relativa ás delegacións de competencias nos concelleiros e concelleiras. Apróbase a proposta.

2.-Proposta da concelleira delegada de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo relativa á suscripción dun convenio marco de colaboración entre o Concello de Santiago e a Asociación Inserta Empleo para o desenvolvemento de actividades que favorezan a integración laboral de persoas con discapacidade. Apróbase o convenio.

3.-Proposta de alcaldía relativa á aprobación do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e a Asociación Cultural Cidade Vella. Apróbase o convenio, que non implica gastos para as arcas municipais.

4.- Proposta de alcaldía relativa á delegación das competencias de licenzas de obras e

acometidas de canalizacións. Apróbase a proposta.

5.-Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á aprobación do proxecto “Mellora da instalación do alumeado público nos accesos a Santiago-Fase 1”. Apróbase o proxecto, que contempla melloras do alumeado nos accesos a Santiago pola estrada de A Estrada, a estrada de Noia, a avenida de Pontevedra, a rúa do Viaducto da Rocha e a Avenida de Antón Fraguas. O orzamento será de 330.000 euros, e o prazo de execución de dous meses.